

---

**De:** 10M72 50Aniversario <10m72.50aniversario@gmail.com>

**Enviado:** domingo 08 xaneiro 2023 16:49

**Para:** 10M72 50Aniversario

**Asunto:** Fotos e Vídeo: entrega isignia de ouro Ferrol a Rafael Pillado e demais galardoados.

## DÍA DE SAN XIAO 2023

Para as Asociacións Culturais Fuco Buxán e Memoria Histórica Democrática foi a de onte una data de especial satisfacción coa entrega ao noso acompañeiro Rafael Pillado Lista da insignia de ouro da cidade de Ferrol, polos seus méritos de toda unha vida na defensa dos dereitos da clase traballadora, da cidadanía, da liberdade e da democracia.

Nun atestado Teatro Jofre, celebrando o día de San Xiao, o Concello de Ferrol recibiu á Corporación de Lugo, cidades irmás, para facer conxuntamente a imposición das distincións as persoas e entidades galardoadas neste 7 de xaneiro.

Este ano no que se cumpre o 50 aniversario dos sucesos do Dez de Marzo do 72, "Día da Clase Obreira Galega", Pillado, nas súas verbas de agradecemento, lembrou aos protagonistas de entón e as vítimas do amianto, asasino silencioso de miles de personas no mundo do traballo.

O noso recoñecemento ao Pleno do Concello de Ferrol e parabéns a Rafael Pillado e demais protagonistas deste día: CEIP A Laxe de Balón, CPR Jesús Maestro, Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, Abeconsa Basketmi e ao Ferrolán do ano Jesús López Romalde.

San Xiao 2023 - ÁLBUM FOTOS CONCELLO DE FERROL

[https://drive.google.com/drive/folders/1vFkwa-n3XaUuSRKbkV\\_DbRZv-RczMil1?usp=share\\_link](https://drive.google.com/drive/folders/1vFkwa-n3XaUuSRKbkV_DbRZv-RczMil1?usp=share_link)

ÁLBUM FOTOGRÁFICO SAN XIAO 2023

[https://drive.google.com/drive/folders/1ZSjPzdt8Xgk9375WEIJMiH9Y6a\\_JDlpV?usp=share\\_link](https://drive.google.com/drive/folders/1ZSjPzdt8Xgk9375WEIJMiH9Y6a_JDlpV?usp=share_link)

VIDEO DEDICADO A RAFAEL PILLADO:

[https://drive.google.com/file/d/18Npi8RD4Xn0bs6286CalhS6\\_pPMCuw9G/view?usp=share\\_link](https://drive.google.com/file/d/18Npi8RD4Xn0bs6286CalhS6_pPMCuw9G/view?usp=share_link)

Visita o noso Facebook:

## Dez De Marzo Cincuenta Aniversario

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100073115216175>